

“5.1 Resolución de expedientes de contratación”

5.1.1 Resolución do expediente de contratación da obra “Mellora de parques infantís en Corme, Tella e Xornes”.

Mediante a providencia de alcaldía do 3 de agosto de 2009, o alcalde dispuxo iniciar o expediente para contratar a obra “Mellora de parques infantís en Corme, Tella e Xornes”. Na providencia motivaba a necesidade e a idoneidade da contratación.

O prego de cláusulas administrativas que rexen a contratación é o Prego tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer a contratación mediante procedemento negociado das obras comprendidas nos pláns provinciais, aprobado pola Deputación Provinciale e publicado no BOP núm. 98 do día 29.04.2008, que está incorporado ao expediente.

O alcalde, na Resolución núm. 242/2009, do 10 de agosto aprobou o expediente de contratación e o prego de cláusulas administrativas que rexen a contratación e declarou o procedemento negociado, por tramitación urxente, para adxudicar a obra “Mellora de parques infantís en Corme Tella e Xornes”. Na mesma resolución autorizou o gasto.

O concello solicitoulle oferta a tres empresas (Obras Ramón Cotelo S.L., Construcción y Reformas Marcos, e Excavaciones Pose, S.L.) e consta no expediente o certificado das ofertas que presentaron as empresas invitadas.

A Xunta de Goberno Local, na sesión do 24.08.2009, adxudicoulle provisionalmente a obra á empresa Obras Ramón Cotelo, S.L, polo prezo de 70.123,16 € (60.451,00 € de execución material e 9.672,16 € de IVE).

O concello publicou no Perfil do contratante o acordo da adxudicación provisional e notificoulle ese acordo á empresa adxudicataria, requiríndoa para que presentase a documentación xustificativa das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a garantía definitiva.

A empresa adxudicataria provisional do contrato presentou a garantía definitiva por importe de 3.022,55 €, e a documentación que o concello lle requiriu no acordo de adxudicación provisional.

Os membros da Xunta de Goberno Local ACORDAN, por unanimidade e de conformidade co artigo 135.4 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público:

1 Elevar a definitiva a adxudicación provisional do contrato da obra “Mellora de parques infantís en Corme, Tella e Xornes” que aprobou a Xunta de Goberno Local na sesión do 24.08.2009 e que saíu publicada no Perfil do Contratante.

2 Dispor o gasto correspondente con cargo á partida 2009.432.9p.601.00 do orzamento vixente.

3 Notificarlle este acordo á empresa Obras Ramón Cotelo S.L., empresa adxudicataria do contrato, e citala para asinar o contrato no prazo de 10 días hábiles, contados dende o seguinte ao da notificación da adxudicación definitiva.

5 Publicar a adxudicación definitiva do contrato da obra “Mellora de parques infantís en Corme, Tella e Xornes” no Perfil do Contratante do órgano de contratación.

6 Comunicarlle á empresa contratista que, logo de asinar o contrato, deberá presentar o plan de seguridade e saúde para que o concello o aprobe despois de que o informe o coordinador de seguridade e saúde e para comunicarlle a aprobación á autoridade laboral.

7 Comunicarlle os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co que dispón o artigo 308.3 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.”